



Manuel García Pombo proclámase Campión Galego de Percorridos de Caza

O pasado día 6 de xullo tiña lugar no Campo de Tiro "Rio Sar" en Trazo (A Coruña), o Campionato Galego de Percorridos de Caza, organizado pola Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade Deportiva "Rio Sar".

Un total de 60 tiradores participaban na proba que se disputaba sobre 150 pratos, sendo Manuel García Pombo o gañador cun total de 135 pratos. O segundo clasificado era Antonio Iglesias Otero que remataba a proba con 125 pratos escachados; e na terceira posición quedaba Diego Antelo Noya, con 124 pratos.

Na categoría de donas, vencía Silvia Rodríguez Durán ao escachar 99 pratos; en xuveniles Manuel Garrido Brito, con 85 pratos escachados. En veteranos vencía con 104 pratos Angel Mosquera Rodríguez; e Antonio García González gañaba en superveteranos con 77 pratos escachados.

Así os cinco primeiros clasificados absolutos foron:

Pos.	Participante	Pratos
1º	Manuel García Pombo	135
2º	Antonio Iglesias Otero	125
3º	Diego Antelo Noya	124
4º	Artemio Formoso Barro	120
5º	Fernando Sánchez Mancebo	118

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadedecaza.com